



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REXISTRO DE AUGAS DE GALICIA (SERVIZOS CENTRAIS)
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 03/05/2019 09:01:34

SAÍDA 2473 / RX 855543



Servizo Regueira

ASUNTO: Solicitud de información ambiental da ría de Vigo

FEITOS

PRIMEIRO. Por parte de *[nome]*, en representación da *[entidade]* "Política Municipal de APTAS" o 22/03/2019 (Entrada 661/RX 626700) presenta solicitude de información ambiental, así como o 27/03/2019 (Entrada 701/RX 672032), acumulándose esta última solicitude coa anterior por gardar identidade substancial ou íntima conexión, conforme o recollido no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO. Ditas solicitudes concrétanse na petición da seguinte información:

Na primeira solicitude:

"Nos sexa facilitado os datos dos resultados das analíticas efectuadas en todo o territorio da ría de Vigo durante os dous últimos anos e que conteñan:

Puntos e coordenadas de recollida de mostras.

Resultados das analíticas e parámetros dos contaminantes contidos nos mesmos"

Na segunda solicitude:

"Nos sexan facilitados os datos dos resultados das analíticas relativas á contaminación por coliformes fecais na columna de auga efectuadas en todo o territorio da ría de Vigo durante os dous últimos anos e que conteñan:

Puntos e coordenadas de recollida de mostras, especificamente:

- *Niveis de coliformes fecais (NMP unidades/100 ml) mostreados en puntos máis próximos ás estacións depuradoras das vilas grandes e medianas de toda a contorna da ría de Vigo, concretamente: Nigrán/Gondomar, Vigo (EDAR Lagares) e Teis, Redondela, Soutomaior e Arcade, Moaña, e Cangas do Morrazo.*
- *Mostras recollidas a nivel de augas superficiais e en diferentes alturas da columna de auga*
- *Niveis de coliformes fecais en puntos próximos ás saídas dos emisarios submariños proveñentes das EDAR.*
- *Niveis de coliformes fecais en puntos aleatorios e bancos marisqueiros distribuídos en todo o plano de auga da ría de Vigo en mostraxes realizadas en cuadrícula.*
- *Niveis de coliformes fecais nas proximidades dos aliviadeiros destinados a emitir de xeito directo augas pluviais sen tratamento, en concreto: porto de Vigo, Alcabre, Bouzas, perpendicular a Rúa Coruña, Area Longa, Areal de Rande, zona areal de Cabanas, Río Alvedosa, Porto de Arcade, en Moaña (Río Miñouva e escolleira), Cangas, Entre porto de pasase e mercado, así como saída de EDAR)*

Solicitamos polos tanto analíticas concretas dos niveis de contaminación biolóxica nas augas da ría de Vigo que sexan continuadas e permitan ver a evolución do proceso contaminante no tempo e a súa dispersión física polas correntes mariñas dentro da ría".



Xacobeo 2021



FUNDAMENTOS LEGAIS

PRIMEIRO. O apartado 1 do artigo 13 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente recolle o seguinte:

“ 1. Las autoridades públicas podrán denegar las solicitudes de información ambiental cuando concurra cualquiera de las circunstancias que se indican a continuación:

a) Que la información solicitada a la autoridad pública no obre en poder de ésta o en el de otra entidad en su nombre, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 10.2.b).

b) Que la solicitud sea manifiestamente irrazonable.

c) Que la solicitud esté formulada de manera excesivamente general, teniendo en cuenta lo dispuesto en el artículo 10.2.a).

d) Que la solicitud se refiera a material en curso de elaboración o a documentos o datos inconclusos. Por estos últimos se entenderán aquellos sobre los que la autoridad pública esté trabajando activamente. Si la denegación se basa en este motivo, la autoridad pública competente deberá mencionar en la denegación la autoridad que está preparando el material e informar al solicitante acerca del tiempo previsto para terminar su elaboración.

e) Que la solicitud se refiera a comunicaciones internas, teniendo en cuenta el interés público atendido por la revelación.”

SEGUNDO. O Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, recolle unha serie de previsións específicas sobre a información ambiental en materia de verteduras.

Dito regulamento no seu artigo 254 regula o Censos de Verteduras Autorizadas recollendo no seu apartado 1 e 2 o seguinte:

“1. Con objeto de dar cumplimiento a lo previsto en el artículo 15 del TRLA los organismos de cuenca llevarán un Censo de Vertidos Autorizados.

Esta información deberá permitir cumplir con lo dispuesto en la Ley 27/2006, de 18 de julio, por la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente.

2. En aras de la colaboración interadministrativa, la Dirección General del Agua del Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente llevará el Censo Nacional de Vertidos donde figurarán los datos correspondientes a los vertidos cuya autorización corresponde a los organismos de cuenca y a las Administraciones hidráulicas autonómicas, así como los vertidos efectuados desde tierra al mar, según los datos proporcionados por las comunidades autónomas.

Esta información deberá permitir cumplir con lo dispuesto en el capítulo II del título II de la Ley 27/2006, de 18 de julio; a este fin, los ciudadanos podrán acceder libre y gratuitamente a la información contenida en el Censo Nacional de Vertidos.”





Tendo en conta o seguinte:

- 1) **Os datos disponibles de coliformes fecais** correspondentes a Mostras recollidas a nivel de augas superficiais e en diferentes alturas da columna de auga en toda a ría de Vigo dos dous últimos anos, corresponden a mostraxes realizadas polo Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG) para Augas de Galicia nas estacións dos Programas de control das masas de auga recollidos no capítulo 6 do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa aprobado polo Real Decreto 11/2016, de 8 de xaneiro (BOE Núm. 19 do 22 de xaneiro de 2016), os cales remíteselle en formato electrónico, a cal poderá descargar na ligazón que se anexa ao presente escrito.
- 2) **Parte da información solicitada está formulada de maneira excesivamente xeral e imprecisa**, tal como os Niveis de coliformes fecais (NMP unidades/100 ml) mostreados en puntos máis próximos ás estacións depuradoras das vilas grandes e medianas de toda a contorna da ría de Vigo, concretamente: Nigrán/Gondomar, Vigo (EDAR Lagares) e Teis, Redondela, Soutomaior e Arcade, Moaña, e Cangas do Morrazo, e os niveis de coliformes fecais en puntos próximos ás saídas dos emisarios submarinos proveñentes das EDAR, toda vez que non se identifican as EDAR e ditos emisarios, en todo caso ditos datos corresponderían ós plans de vixilancia e control do medio receptor recollidos nos condicionados das autorizacións de vertido das EDAR, as cales estarían recollidas no Censo de Vertido Autorizados, o cal está sendo obxecto de tramitación para a súa publicación na web do Ministerio de Transición Ecolóxica (o cal corresponden as competencias en materia de augas do antigo Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente), de quen depende a publicación do Censo de Vertido Autorizados.
- 3) **Parte da información solicitada está formulada de maneira excesivamente xeral e imprecisa, ademais de non obrar en poder de este órgano de conca**, tal como os niveis de coliformes fecais en puntos aleatorios e bancos marisqueiros distribuídos en todo o plano de auga da ría de Vigo en mostraxes realizadas en cuadrícula, polo que deberá dirixir a súa solicitude o órgano competente no control dos bancos marisqueiros: Instituto Tecnolóxico Para O Control Do Medio Mariño De Galicia, sito no Peirao de Vilaxoán, s/n 36611 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- 4) **Parte da información solicitada non obra en poder de este órgano de conca**, tal como os Niveis de coliformes fecais nas proximidades dos aliviadoiros destinados a emitir de xeito directo augas pluviais sen tratamento.

Polo exposto, RESOLVO atender PARCIALMENTE ó solicitado pola _____, en relación coa documentación indicada.

No caso de considerar que concorre o suposto previsto no artigo 20 da Lei 27/2006, poderá interpor Recurso de Alzada ante o presidente de Augas de Galicia no prazo DUN (1) MES a contar dende o día seguinte á notificación da presente comunicación.

Santiago de Compostela, a directora de Augas de Galicia – Teresa María Gutiérrez López





Obrigas dos usuarios de datos ou información derivados da Rede de Observación Ambiental de Galicia (ROAGA):

Esta información destinarase, exclusivamente á finalidade declarada na súa solicitude. Calquera outra utilización distinta da anterior requirira o consentimento, por escrito, deste departamento ou no seu defecto, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia.

Toda difusión da información subministrada debe facer mención explícita a ROAGA-LMAG e á Xunta de Galicia, como orixe da mesma, xa sexa cando se trate de resultados ou documentos obtidos desta información ou cando se inclúa sen terse modificado o seu contido.

Comunicarase a ROAGA-LMAG, de forma previa á súa publicación, a elaboración de calquera traballo de carácter científico ou técnico no que se utilice a información subministrada. Así mesmo, recoñecerase a contribución de ROAGA ó proxecto e, en consecuencia, outorgaráselle os mesmos dereitos que os concedidos a outros contribuíntes.

